

ANIMAL CROSSING



Animal Crossing (どうぶつの森 *Dōbutsu no Mori*, lit. "Bosque dos animais") é unha saga de [videoxogos](#) de simulador de vida desenvolvida e distribuída pola empresa xaponesa [Nintendo](#) no que o personaxe vive nunha aldea habitado por [antropomorfos](#) levando acabo actividades do día a día como: regar, mercar, pescar ou ir a praia, entre outras. A saga destaca pola súa liberdade de xogo e o seu amplo uso do reloxo e o calendario interno para dar un tempo real ao xogo, é dicir, cada segundo na vida real é un segundo no xogo.

Aínda que dous deles só vendéronse no [Xapón](#), hai un total de seis xogos para diversas consolas: [Nintendo 64](#), [GameCube](#), [Nintendo DS](#), [Wii](#) e por último [Nintendo 3DS](#). Todos os xogos foron para consolas de sobremesa, tan só o [Animal Crossing: Wild World](#) e [Animal Crossing: New Leaf](#) saíron para consola portátil.

O xogo foi á vez un éxito comercial e para a crítica, e vendeu máis de 16,49 millóns de copias en todo o mundo.

Versións

Animal Crossing. Poboación: en aumento!

O primeiro xogo da saga foi *Dōbutsu no Mori* (どうぶつの森 lit. "Bosque dos animais"), para Nintendo 64, publicado só no Xapón, onde saíu á venda o 14 de abril de 2001.

En decembro do mesmo ano, Nintendo publicou no Xapón unha versión mellorada do xogo para [GameCube](#), *Dōbutsu no Mori+* (どうぶつの森+ lit. "Bosque dos animais +), que tamén foi publicado nos Estados Unidos e Europa baixo o nome de Animal Crossing Poboación: en aumento!" (en inglés Animal Crossing. Population: Growing!). O xogo usaba o reloxo interno da consola [GameCube](#) para crear un mundo persistente. Debido a súa complexidade, o xogo ocupaba unha tarxeta de memoria de 59 bloques enteira. Cando saíu á venda, o xogo incluía de agasallo unha tarxeta de memoria.

Como o xogo na versión americana tiña máis festas e máis obxectos, traducíuse a versión americana ao xaponés, co nome de *Dōbutsu no Mori+* (どうぶつの森+ lit. "Bosque dos animais +), pero incluíndo novos temas de conversación, máis festas e moitas máis opcións, incluso podías suxeitar unha flor na man ou poñer mobles fóra dunha casa. Os americanos pensaban que había tan pouca diferenza entre *Dōbutsu no Mori +* e Animal Crossing, que non se molestaron en traducilo.

Animal Crossing: Wild World

A segunda versión do xogo foi Animal Crossing: Wild World (en galego: Animal Crossing: Mundo Salvaxe), para [Nintendo DS](#), que ademais funcionaba coa conexión Wi-Fi de Nintendo, o cal permite a os xogadores establecer contacto con outros xogadores de calquera parte do mundo.

Animal Crossing: Let's Go to the City

Animal Crossing: Let's Go to the City foi a terceira versión que saíu á venda da serie. Funcionaba coa conexión Wi-Fi de Nintendo, ao igual que o Animal Crossing: Wild World, e que como novidade incluía a posibilidade de visitar a praza dunha cidade, con tendas, ademais de poder falar con outros xogadores grazas ao accesorio WiiSpeak. A súa saída foi en decembro de 2008.

Animal Crossing: New Leaf

É a última entrega da saga Animal Crossing (ata agora), coñecido como Animal Crossing: New Leaf (とびだせどうぶつの森 Tobidase Dōubutsu no Mori, lit. "Bosque Animal: Salta á vista"), saíu á venda o 8 de novembro de 2012 no Xapón e o 9 e 14 de xuño de 2013 en América e Europa. A principal novidade da entrega é que por primeira vez o personaxe é o alcalde ou a alcaldesa da vila, o que permite influír na vida e decoración do mesmo. Ademais inclúe unha maior capacidade para personalizar tanto mobles como roupa. Unha das súas principais características para varios xogadores é a utilización de StreetPass, que fai que poidas coñecer tanto a casa como a aldea dos xogadores que te cruces na vida real (coa Nintendo 3DS acendida).

Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.



- Nintendo é unha empresa xaponesa. ____
- Animal Crossing significa “bosque encantado”. ____
- Cada segundo na vida real equivale a un segundo no xogo. ____
- Animal Crossing só se vende en España. ____
- A segunda versión do xogo foi Animal Crossing Wonder World. ____
- Animal Crossing: let's go to the city saiu en decembro de 2008. ____
- O StreetPass permite coñecer a casa ou aldea dos xogadores cos que te cruzas. ____
- O alcalde ou alcaldesa apareceu por primeira vez en Animal Crossing Wild World. ____



Contesta.

- Cales son actividades diarias que se fan en Animal Crossing?

- Cantos xogos hai en total?
- Cantas copias vendeu no mundo?
- Que agasallo incluía Animal Crossing Poboación en Aumento!
- Cal foi o primeiro xogo de Animal Crossing en liña?
- Cando saiu á venda Animal Crossing en España?

Coloca os sinónimos e antónimos das seguintes palabras.

transacción innecesarios derradeira imaxinario

existente primeira fundamentais compra



PALABRA	SINÓNIMO	ANTÓNIMO
venta		
última		
principais		
real		

Indica se é ditongo ou hiato.



- Aumento

- Foi

- Enteira

- Saiu

- Criar

- Máis